


UN DÍA NA PENA CORNEIRA

Antonio Vázquez Iglesias

Un grupo de amigos, a maioría directivos de Cedofeita, acompañados das respectivas donas, visitamos o espectacular monumento natural que é a Pena Corneira. Escollemos o 26 de marzo de 2011 e marcamos a saída ás 9,30 h. nas inmediacións da rotonda en construcción, próxima ó convento de San Bieito de Lérez. A pesar de que o día se presentou chuvioso, decidimos igualmente realizar o programado e, nos nosos vehículos particulares, dirixímonos cara a Bora para alí entroncar coa estrada que vai a Ourense. Por ela seguimos ata A Ermida, primeira localidade ourensá da ruta, onde nos desviamos á dereita en dirección a Beariz e Avión.

Aquí fixemos unha paradiña para tomarmos un café e vermos algúns recunchos da vila, como a campo da festa presidido pola igrexa de San Xusto, coa súa fermosa fachada barroca; a casa do concello de moderna traza; e varias vivendas particulares que amosan o poder económico dos emigrantes. Tamén nos chamou a atención o campo da feira do Cachizo, onde, os días doce e vinte e dous de cada mes, se celebraba unha concorrida feira, moi completa ela en facenda (caballos, vacas, cabras...) e comercio, incluso de peixe, que viña directamente de Pontevedra ou de Vigo a través de Ribadavia, e non faltaba nunca o pulpeiro do Carballiño. Arrancamos e nun saltiño xa estabamos ó pé da Pena Corneira, parroquia de San Cosme de Faramontaos, concello de Carballeda de Avia.

Cando baixamos áinda chuviscaba un pouco, o que non foi impedimento para observarmos o *Outeiro de Mariano*, como lle chama a xente da contorna, áinda que se trata dun gran penedo de miles de toneladas, ben sobresaínte do chan, que está asentado encima doutro. Tamén nos decatamos das variadas formas doutras moitas rochas que cobren o manto da serra, destacando a que a coroa pola parte norte: a desafiante Pena Corneira de recortada talla. Ó ollármola, parou de chover, coma se esta forte sentinel, vixiante deste o alto, mandase escampar na nosa honra.



Pena Corneira sen vexetación

Contemplamos a abundante vexetación na que sobresaen carballos, castiñeiro e bidueiros que, xunto con vizosos arbustos, danlle á paisaxe unha incomparable beleza, polo que non nos estrañou que esta serra sexa un espazo natural protexido.

Empezamos a ruta a pé. Eu que me criei nestas terras e que as pateeis de neno e de mozo, fixen de guía ata onde puiden, pois moitos camiños e carreiros, antano por min coñecidos, foron invadidos por matas e matogueiras que impiden identificar o espazo inmediato e ver a dirección a tomar. Con todo, dirixímonos cara ó nacente para vermos a aldea de Orega e o lugar onde estivo encravado un castro posteriormente romanizado, así como a zona onde se erguía o medieval castelo de San Juan de Pena Corneira, pois del só se conservan algúns restos de muros e anacos de cerámica (telleas, vasillas...). Pero tivemos que dar a volta porque a maleza invadira os camiños e non tiñamos maneira de subir.


Segundo conta a "Historia Compostelana", neste castelo estiveron presos o arcebispo Xelmírez, o infante Afonso Raimúndez (futuro Afonso VII), a súa institutriz (a Condesa de Traba) e os cabaleiros do seu servizo. Os feitos arrancan en 1107, ó finar Raimundo de Borgoña (esposo de Dona Urraca, filla de Afonso VI) que deixa un fillo menor de idade, o citado Afonso Raimúndez, baixo a tutoría de Pedro Froilaz, Conde de Traba, tutela confirmada posteriormente por Afonso VI. Pero á morte deste rei (1109) un sector da nobreza galega toma partido contra a rexencia do Conde de Traba e do neno rexio. Á fronte deste bando rebelde estaban, entre outros, Juan Díz, señor de Orcellón, Pedro Arias, señor de Deza e o seu fillo Arias Pérez, señor de Pena Corneira que, curiosamente, tamén era xenro do mesmo Conde de Traba.

A comezos de 1111, as hostes destes cabaleiros asedian o castelo de Castrelo de Miño, onde estaba o infante coa súa preceptor, ata conseguiren a súa rendición, áinda que para asinaren as condicións da capitulación, os asediados esixen a presenza do arcebispo Xelmírez. Acode este e pactan a entrega da fortaleza a cambio da liberdade dos seus moradores. Pero Arias Pérez, considerado un dos nobres máis sediciosos de Galicia, faltando ó acordado e aproveitándose da escuridade da noite, fai prisioneiros ó arcebispo, á condesa, ó propio infante e ós cabaleiros do servizo. A todos condúceos ó castelo de Pena Corneira, despois de pasaren por Ribas de Sil, Os Peares e Amoeiro, en cuxas proximidades acórdase a liberdade de Xelmírez a cambio das fortalezas de Oeste-Catoira e A Lanzada, liberdade que non tería lugar ata de alí a uns días na fortaleza de Lobeira- Vilagarcía, a onde fora conducido o prelado por difíciles camiños. Unha vez libre, Xelmírez reuniuse co Conde de Traba para trataren de recuperar os prisioneiros, feito que sucedeu a principios do mes de setembro daquel ano. Uns días despois, Xelmírez corou solemnemente a Afonso Raimúndez na catedral de Santiago proclamándoo rei de Galicia.

Volvendo á nosa andaina pola Pena Corneira, diremos que, despois de retornar ós coches, intentamos subir pola ladeira norte, para o que nos achegamos á solitaria igrexa de Santa María de Lamas, de construción románica. Preto dela atopase unha área recreativa onde existe unha pía, á que se lle atribúe unha antigüidade duns mil anos, que recolle a auga dunha fonte cuxo manancial procede, sorprendentemente, dun gran penedo que, como xa dixemos, os veciños chaman *outeiro*.

A chuvia ía aguantando e puxemos pés para subir monte arriba pola parte norte. De camiño atopamos algunhas lapiñeiras, acubillos formados por un ou varios penedos, que acollerón a parroquianos perseguidos tras o golpe militar de 1936. Varios homes que fuxían da persecución franquista salvaron as súas vidas (nunca se soubo que a garda civil atopase alí a ningúén), grazas a estes inaccesibles refuxios naturais e á axuda dos familiares máis achegados, únicos sabedores da fuxida, que caladamente lles deixaban alimentos e roupa escondidos, cando ían buscar leña ou toxo ó pé do monte e cando ían traballar as leiras próximas. Desde o alto, a

través das grechas, os refuxiados observaban os movementos dos familiares sen poder falar-lles –un elemento máis do seu sufrimento- e, á noitña, baixaban a coller unhas codias, uns anacos de bica, algún trapo para se cambiar e pouco máis, pois daquela non o había. Eu oía falar destes feitos alá polo ano 1945. O pouco tempo comecei a ir coas vacas ó monte e a camiñar monte arriba, onde puiden ver algunhas lapiñeiras con escritos feitos con pintura que non sei o que dicían, pois daquela aínda non descifraba ben as letras.



Chegamos ata a cima onde está a “*filla*” da Pena Corneira, nome que nos indica que se trata dun ouseiro máis baixo ca esta, pois aproximadamente, dálle pola metade. A “*filla*” ten un sinal no “embigo” que serviu de reloxo durante moito tempo ós veciños, porque cando o sol daba nese sinal, os labregos sabían que era o mediodía e que había que ir xantar.

Baixamos e volvemos á área recreativa, ben acondicionada e subimos a un miradoiro próximo dende o que se albiscaban varias localidades a quilómetros de distancia, así como a canteira de Orega (Leiro) que aínda funciona hoxe, pero a escaso ritmo, a unha distancia que non afecta a natural integridade da paisaxe. Pola contra, houbo outras canteiras, hoxe abandonadas (situadas no nacente, no sur e no oeste), que estiveron abertas varias décadas a partir dos anos setenta do século pasado, dedicadas a extracción de pedra para a construcción. As súas explotacións chegaron a menos de cen metros do ouseiro de Mariano e a pouco máis da propria Pena Corneira. Era un ataque a este

espazo protexido, especialmente á abundante fauna, que, se cadra, ainda hoxe está diminuída, polo efecto das explosións de dinamita que daquela practicaban a diario nas canteiras. Menos mal que, para ben de todos, as autoridades paralizaron esta actividade, prohibición que lles foi relativamente fácil de levar a cabo por tratárense de empresas familiares, aínda que algunha de certa potencia. Pero, de seren multinacionais, a cousa había ser máis difícil, pois a estas, se non se lles deixase facer o que queren, hai que dárslles grandes indemnizacións.



Vendo que a chuva nos estaba dando unha oportunidade, chamamos ó restaurante para que nos atrasase o xantar, o que nos permitiu visitar a igrexa de Serantes, de orixe románica, na que destaca a fachada cun rosetón e un tornachuvias con canzorros labrados con figuras humanas en actitudes atrevidas.

Ás dúas e media da tarde xa estábamos no restaurante situado nas aforas de Ribadavia. Xantamos e permanecemos alí de charla unhas tres horas porque chovía a baldes. Pero cando decidimos saír coa idea de regresar a Pontevedra, comezou a airear, o que nos animou a intentar de novo acceder á Pena Corneira. Volvemos ó punto onde iniciaramos o percorrido pola mañá, no "Empalme Novo", de onde parten dous "sendeiros" de recente construcción polo concello de Carballeda de Avia. Subimos polo que vai á Pena, duns 250 m. de lonxitude, e así pudemos chegar a vela de cerca ata o punto de tocar coas mans a súa base e a da "filla".

Aquí lembrei que en maio de 1954, os escaladores de "Peña Trevinca" de Vigo foron os primeiros que chegaron á cima da mítica Pena Corneira. Eran tres ou catro alpinistas entre os que estaban Luís Rodríguez e a súa muller, María Ruades de Rodríguez, que foi moi admirada pola súa valentía, pois naqueles tempos era unha das poucas mulleres escaladoras de Galicia. Despois de varios días de preparativos, realizaron a proeza con medios escasos, rudimentarios e perigosos, en comparanza cos de agora. Recordo aquel acontecemento porque eu era o ferreiro ó que acudían todos os días para que lles apuntase os punteiros que precisaban para preparar a escalada. Ademais, o mesmo ca moitos veciños de Faramontaos e doutros lugares da redonda, estiven presente naquel momento histórico que acabou con certos ditos e crenzas que aseguraban que no cume da Pena Corneira había un tesouro. Todos os alí presentes vimos como chegaba o home á cima por primeira vez, pero non vimos o tesouro por ningures. Este feito está recollido en "Páginas Históricas" (nº 8. Setembro do 2009) editada por "Peña Trevinca", baixo o título "Feitos relevantes do montañismo feminino".

Ó baixarmos fomos polo outro "sendeiro" que se dirixe varios quilómetros cara ó sur por paisaxes naturais das parroquias de Faramontaos, Abelenda ata Veronza. Pero nós só camiñamos por el uns 200 m, distancia que xa nos permitía tomar boa posición para facer fotografías. Iniciamos o retorno. Fixémolo atravesando o Suído para vermos algúns chozos. Pasamos por Augasantas, Carballedo e Tenorio, onde algúns ainda pararon a tomar a "arrancadeira". Sen dúbida foi un día de relax, de camiñar, de osixenarmos os pulmóns, de gozar dos encantos da natureza e, especialmente, de convivir con boa xente.

